

NOVAS / INICIATIVAS

POLAFÍAS 2010: O Couto, Ponteceso

Lugar: Lareira da Casa do Cura-Fundación Eduardo Pondal

Venres, 21 de maio de 2010, ás 20,30 horas.

Entrada libre

Coa intervencións de: Copleiras da Terra de Bergantiños, Víctor do Pecho e Suso do Becho

Colaboran : Asociación Cultural "Monte Branco" / Fundación Eduardo Pondal.

Recitador: Isidro Novo

Coordinador: Antonio Reigosa

Organiza. AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)

Patrocina: Deputación da Coruña.

_____As polafías son unha proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e institucións.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora

podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituírano os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG.

CONTIDOS VIDEOGRÁFICOS DAS ANTERIORES POLAFÍAS


asociación de
escritores
en lingua galega
POLAFÍA
Ponteceso
LAREIRA DA CASA DO CURA · FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL (O Couto)
VENRES, 21 DE MAIO DE 2010, ÁS 8 E MEDIA DA TARDE
Copleiras da Terra de Bergantiños. Coa participación de veciñas e veciños bergantiñáns, co seu saber contar e cantar.
MÚSICA: Víctor do Pecho e Suso do Becho · Rimas de Isidro Novo
ENTRADA LIBRE
DEPUTACION

